



Instrución 2/2023, pola que se establece a metodoloxía de cálculo do treitos de concentración de atropelos de animais (TCAAs) na rede autonómica de estradas de Galicia

Na última década púxose de manifesto o aumento progresivo da accidentalidade con fauna silvestre en Galicia, sendo as especies máis implicadas os xabarís e os corzos.

É necesario abordar a localización destes accidentes e establecer un procedemento que permita identificar os treitos de concentración de atropelos a animais silvestres, para poder avaliar o risco nas estradas galegas.

Para a definición da metodoloxía aplicada para a obtención dos treitos de concentración de atropelos de animais (en adiante, TCAAs), tomouse de referencia a metodoloxía de obtención dos treitos de concentración de accidentes (TCAs), pero sen modulala en función do volume de tráfico que circula polas estradas, de tal xeito que se favoreza a identificación daqueles treitos de estrada nos que o número de atropelos de animais sexa máis alto en valor absoluto.

De acordo co anterior, dispónse a seguinte Instrución:

Primeiro. - Obxecto e ámbito de aplicación

Esta Instrución ten por obxecto establecer unha metodoloxía de cálculo dos treitos de concentración de atropelos a animais (TCAAs), en concreto a xabarís e corzos, e será de aplicación na Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

Segundo. - Accidentes a ter en conta para o cálculo: fonte de datos, tipoloxía e período de cálculo.

A fonte dos datos será a base de datos ARENA da Dirección Xeral de Tráfico (DGT).

Os accidentes que se terán en conta para a obtención dos TCAAs serán aqueles que teñan a tipoloxía "atropelo a animal" no informe estatístico (Informe ARENA), sendo o animal atropelado un xabarán ou un corzo.

Para o cálculo dos TCAAs, teranse en conta os atropelos a xabarís e/ou corzos rexistrados nun período dos cinco anos anteriores ao ano no que se faga o cálculo ou o número de anos que leve en servizo a estrada na que se faga o cálculo, no caso de ser inferior a cinco.





Terceiro. - Definición de TCAA

Considerarase treito de concentración de atropelos de animais (TCAA) aquel treito no que se teñan rexistrados dous ou máis atropelos de xabaril ou de corzo por quilómetro e ano, como media dos últimos 5 anos.

Cuarto. - Procedemento para a identificación de TCAAs

1. En cada un dos PPQQ localizados nos que se rexistrara polo menos un accidente, calcularase o Índice Puntual de Accidentes (IPA), segundo a seguinte fórmula:

$$IPA_x = \frac{\sum_{x-d_1}^{x+d_2} A_t}{(d_1 + d_2) \cdot t}$$

Sendo:

- IPA_x = Índice Puntual de Accidentes no punto quilométrico x no que se teña rexistrado, cando menos, un accidente por atropelo de xabaril ou corzo.
 - x = punto quilométrico.
 - d_1 = treito analizado antes do punto quilométrico x , en sentido de avance da quilometración (0,5 km, ou ata o inicio da estrada, cando esa distancia sexa inferior a 0,5 km), en quilómetros.
 - d_2 = treito analizado despois do punto quilométrico x , en sentido de avance da quilometración (0,5 km, ou ata o final da estrada, cando esa distancia sexa inferior a 0,5 km), en quilómetros.
 - A_t = número total de accidentes no período de tempo t .
 - t = período de tempo de análise (5 anos, ou o tempo transcorrido dende a data de posta en servizo da estrada, cando este sexa inferior a 5 anos), en anos.
2. Definirase como treito de concentración de atropelos a animais (TCAA) o situado entre o punto quilométrico $x - d_1$ e o punto quilométrico $x + d_2$, para todos aqueles puntos quilométricos nos que $IPA_x \geq 2$.
No caso de que algún deses treitos se solape con outro ou outros, considerarase que todos eles constitúen un único TCAA.

Quinto. - Esta Instrución entrará en vigor ao día seguinte da data da súa sinatura.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2023
O director da Axencia Galega de Infraestruturas
Francisco Menéndez Iglesias

